





NORMAS DE INSCRIPCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2019 - 2020

O Concello de Monforte de Lemos organiza, para o curso 2019 - 2020, unha serie de actividades deportivas encadradas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais, que pretende, entre outras cousas, complementar a oferta deportiva existente en Monforte proposta por clubs deportivos e outros entes de promoción deportiva.

As actividades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais para o Curso 2019 – 2020, son as seguintes:

- Escolas Deportivas Municipais para nenos/as:
 - Patinaxe
 - Golf
 - Pádel
 - Kung Fu
 - Zumba Infantil
- Escolas Deportivas Municipais para persoas adultas:
 - Ximnasia de mantemento
 - Tai Chi
 - Ioga
 - Zumba Adultos



Co fin de regular o procedemento de inscrición e o desenvolvemento das actividades ó longo do curso, establécense as seguintes normas:

1. Todas as persoas interesadas en inscribirse nalgunha das modalidades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais deberán presentar, a través do rexistro xeral do Concello de Monforte, de xeito presencial ou a través da sede electrónica, o modelo de solicitude establecido cuberto con todos os datos que se requiren. En caso de persoas menores de idade a solicitude virá asinada polo pai, nai ou titor/a legal.
2. O prazo para realizar as solicitudes permanecerá aberto entre o 2 e o 20 de setembro de 2019. Entre o 23 e o 27 de setembro se publicará na páxina web do Concello de Monforte a lista de admitidos/as nas actividades.
3. A lista de admitidos/as se confeccionará por rigorosa orde de presentación da solicitude. Se unha vez finalizado o prazo de inscrición se dá o caso de que quedan prazas vacantes se poderán seguir presentando solicitudes ata esgotar as prazas ofertadas.



NORMAS DE INSCRIPCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2019 - 2020

4. Para a prestación do servizo de cada unha das modalidades deportivas ofertadas será necesario que a porcentaxe de inscritos na actividade acadada, como mínimo, o 25 % das prazas ofertadas.
5. A tempada de Escolas Deportivas terá unha duración de oito meses, comezando o 1 de outubro de 2019 e finalizando o 31 de maio de 2020. Considéranse non lectivos os días festivos (locais, autonómicos e nacionais), así como as vacacións escolares de nadal, semana santa e entroido.
6. A taxa por escola e curso é de 92,70 €. Os alumnos que pertencen a familia numerosa terán unha bonificación do 50 %. No momento da matrícula deberá xustificarse a pertenza a familia numerosa mediante a achega da copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
7. O cobro da taxa pola prestación do servizo se realizará do seguinte xeito:
 - 7.1 O 50 % da contía total unha vez formalizada a inscrición, liquidarase polo Concello mediante padrón.
 - 7.2 O 50 % restante, liquidarase polo Concello mediante padrón no mes de marzo do correspondente curso.
8. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo a actividade non se prestara, procederase á devolución do importe correspondente.
9. Cando a causa de non asistencia o curso sexa imputable ó suxeito pasivo, non se procederá a prorrateo da cota tributaria, procedendo ó cobro total do curso.
10. A documentación a entregar para formalizar a inscrición e a seguinte
 - Modelo de solicitude SER-DE-125
 - Copia do DNI do solicitante
 - No caso de que o solicitante sexa menor de idade copia do DNI do pai, nai ou titor/a que figura como tal na solicitude.
 - No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

